

NOTA DE PRENSA

A cineasta viguesa Adriana Páramo presenta o documental 'Grelei raíces no teu lar' en Cineuropa

- O cinema documental articula esta reflexión íntima sobre o proceso de (re)construción dun fogar
- Ao rematar a proxección, que será este venres 14 de novembro ás 18:15 horas no Salón Teatro, haberá un coloquio coa directora
- Os convites para a actividade, de balde, pódense retirar na web de compostelacultura.gal



Fotograma de *Grelei raíces no teu lar*

Vigo, 12 de novembro do 2025 – A cineasta viguesa [Adriana Páramo](#) presenta no festival [Cineuropa](#) de Compostela, este venres 14 de novembro, ***Grelei raíces no teu lar***, unha longametraxe documental que reflexiona sobre os conceptos de identidade, maternidade e fogar. O público asistente poderá manter un **coloquio** coa realizadora ao rematar a proxección, prevista ás **18:15 horas no Salón Teatro**. A actividade, que forma parte da sección Panorama Audiovisual Galego do veterano encontro, conta con entrada gratuíta previa reserva na web de compostelacultura.gal.

A orixe de *Grelei raíces no teu lar* está directamente ligada a unha experiencia persoal de perda e reencontro de Adriana Páramo. A morte inesperada da súa tía, figura central na súa vida, levouna a deixar Londres, onde residira durante once anos, e regresar á súa cidade natal, Vigo, para estar preto da súa familia.

Instalada na casa da tía, Páramo iniciou un proceso de reflexión no que a cámara se transformou nunha ferramenta de acompañamento e expresión. Nese espazo íntimo, a directora gravou o seu dó, o seu día a día e o proceso de reconstrución emocional que culminou na decisión de emprender a maternidade en solitario.

O documental bebe de referentes como *No home movie* de Chantal Akerman, *Les glaneurs et la glaneuse* de Agnès Varda e *Joyce at 34* de Joyce Chopra, filmes nos que a ollada persoal e o doméstico adquiren unha dimensión política e colectiva. Con esa inspiración, Páramo constrúe un diario visual no que o fogar, a identidade e o papel das mulleres da súa contorna se entrelazan nun relato honesto e próximo.

Grelei raíces no teu lar forma parte da tese doutoral que Adriana Páramo está a desenvolver na Royal Holloway University de Londres, onde investiga a representación do parto no cinema. Desde o seu lanzamento, o documental foi exhibido na Mostra do Audiovisual e Cinema de Marín e mais no Festival Internacional de Cine de Pasto (FICPA) de Nariño, Colombia.

Adriana Páramo (Vigo, 1985) é directora e investigadora audiovisual. No seu traballo explora a identidade, a maternidade e a representación. A súa curta *Anatomía dunha serea* (2022) destacou en festivais pola súa mirada de xénero, e *Illa Pedra* (2010) foi a primeira curta de ficción en galego con audiodescrición para persoas invidentes. Tamén creou videopoemas baseados na obra de Lara Dopazo, como *ovella* (2017). Alén diso, é cofundadora do Galician Film Forum, organización que programa cinema galego no Reino Unido, e conta con máis de dez anos de experiencia en produción audiovisual.

Grelei raíces no teu lar

- Venres 14 de novembro | 18:15 h
- Salón Teatro (Rúa Nova 21, Santiago de Compostela)
- De balde previa reserva na web:
<https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/grelei-ra%C3%ADces-no-teu-lar>
- Tráiler: <https://www.youtube.com/watch?v=kNm1dKRPaIg>

Materiais de prensa

Web de Adriana Páramo | <https://paramoimaxinario.com>

CONTACTO DE PRENSA

Bea Pérez | 604 070 409 | info@paramoimaxinario.com